

ACTA N° 09/2012

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 20 DE XULLO DE 2012.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Adopción de acordo de aprobación de operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, no marco do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro (2ª fase).
- 4º.- Moción do Grupo Municipal do BNG sobre o acondicionamento do aterrado de Domaio.
- 5º.- Moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a comparecencia ante o Pleno da Concelleira Delegada de Urbanismo.
- 6º.- Moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre o allanamento de NGB á demanda da Fiscalía Galega no asunto das preferentes.
- 7º.- Moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre mellora da EDAR da Laxe.
- 8º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Fervenza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 20 de xullo do 2012, sendo as 20:03 horas, reúnense os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Fervenza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 07/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 07/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 08/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2012.

Non se suscitan intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta 08/12 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Non se suscitan intervencións.

3º.- ADOPCIÓN DE ACORDO DE APROBACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO EXCEPCIONAL DERIVADA DO MECANISMO DE FINANCIAMENTO PARA O PAGAMENTO AOS PROVEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO REAL DECRETO-LEI 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO (2ª FASE).

O Sr. Alcalde lee a proposta ditaminada en Comisión Informativa:

“APROBACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO EXCEPCIONAL CONFORME O REAL DECRETO LEY 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO.

Considerando que o artigo 101 do Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determina nas obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais establece:

“As entidades locais poderán financiar as obrigas de pago aboadas no mecanismo mediante a concertación dunha operación de endebedamento a largo prazo cuxas condicións financeiras serán fixadas polo Acordo da Comisión Delegado do Goberno para Asuntos Económicos”.

Considerando que con data 30 de marzo de 2012 por acordo do Concello Pleno adoptouse acordo de aprobación do Plan de Axuste o que se refire o Real Decreto Lei 4/2012. Sendo valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e en consecuencia autorizada a operación de endebedamento de conformidade co establecido no artigo 7.5 do citado Real Decreto Lei.

Considerando que a Orden PRE/773/2012, de 16 de abril, establece as características principais do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a posta en marcha do mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, co seguinte detalle:

a) A financiación máxima por entidade local (incluíndo os seus organismos autónomos e entidades dependentes que lle pertencen integralmente) será a suma de:

- Obrigacións pendentes de pago recollidas nas relacións iniciais remitidas por las Entidades Locais at ao día 15 de marzo, e respecto das cales os contratistas, a través de aquelas, manifestaran ata o 6 de xullo a súa vontade dea collerse o procedemento do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.
- Obrigacións pendentes de pago que consten nos certificados individuais que se emitiran polas Entidades Locais recoñecendo a existencia de débedas con provedores e que se comunicaran á aplicación informática da AEAT nos cinco primeiros días hábiles de xuño de xullo.
- Obrigacións pendentes de pago con contratistas que, tendo aceptado a aplicación do citado Real Decreto-lei 4/2012, estean suxeitos a procedementos de embargo ou de concurso de acredores.

b) Prazo das operacións. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización de principal.

c) Tipo de xuro para o prestatario. O equivalente o custe de financiación do Tesouro Público aos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.

d) O Instituto de Crédito Oficial actuará como axente coa colaboración das entidades de crédito que se adhiran o mecanismo de financiación.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas, o importe a formalizar da operación de préstamo é de 283.455,82€, dos cales corresponden á propia Entidade Local o importe de 283.455,82€ e 0,00€ o Organismo Autónomo.

Considerando que o importe dos recursos ordinarios previstos no orzamento do exercicio 2012, nesta data prorrogado do 2011, ascenden a 8.087.177,86€, e considerando que o importe acumulado das operacións de crédito a largo prazo con inclusión da operación que se proxecta supera o 10% dos recursos ordinarios. De conformidade co establecido nos artigos 21.1.f) e 22.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, a competencia para a concertación da operación de crédito correspóndelle o Pleno do Concello.

Visto o informe que emitido pola Intervención en data 12 de xullo de 2012.

Propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, cuxas condicións, de acordo co disposto na Orden PRE/773/2012, de 16 de abril, son basicamente as seguintes:

- a) Importe: 283.455,82 €
- b) Prazo. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización do principal.
- c) Tipo de xuro. O equivalente o custe de financiación do Tesouro Público aos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación e un máximo de 30 puntos básicos. A operación formalizarase con aquela Entidade que comunique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do Instituto de Crédito Oficial.

SEGUNDO: Remitir una copia del expediente tramitado al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

TERCEIRO: Facultar o Alcalde-Presidente tan amplamente e expresamente como en dereito fose necesario para a formalización da operación de préstamo e a firma de cantos documentos sexan necesarios en orden á execución do presente acordo.”

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, afirma que se trae a Pleno esta nova operación de préstamo excepcional posto que moitos dos provedores con facturas pendentes non se enteraran do mecanismo que puxera en marcha o Ministerio de Economía e Facenda para o pago destas facturas e o tempo foi moi curto para adherirse. Por iso, habilitouse unha segunda fase na cal se adheriron practicamente o 100% dos mesmos.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que na liña seguida polo seu Grupo, non van poñer ningún atranco para que as empresas e provedores que traballan para o Concello e teñen presentado facturas documentadas poidan cobrar. Espero que poñan fin á situación actual. Seguen a gobernar sen orzamentos. Nin siquera foron capaces de modificar os orzamentos do ano pasado. Están a gobernar cos mesmos orzamentos que simbólicamente rompeu o Alcalde. Solicitei na Intervención as facturas que se adebedan deste ano. O Concello é unha máquina de gastar e agora non hai ingresos atípicos como os procedentes da actividade urbanística, polo que xa se acumula unha débeda de seiscentos cincuenta mil euros de débeda máis outra parte posible. Logo de pagar xa debemos novecentos mil euros. En decembro deberemos un millón douscentos mil euros. Non sei se suprimindo os teléfonos móbiles dará para pagar esa débeda.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta sobre adopción de acordo de aprobación de operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, no marco do RD-Lei 4/2012 de 24 de febreiro (2ª fase) e queda aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP e nove abstencións sete dos Concelleiros do BNG, e dúas dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, cuxas condicións, de acordo co disposto na Orden PRE/773/2012, de 16 de abril, son basicamente as seguintes:

a) Importe: 283.455,82 €

b) Prazo. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización do principal.

c) Tipo de xuro. O equivalente o custe de financiación do Tesouro Público aos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación e un máximo de 30 puntos básicos. A operación formalizarase con aquela Entidade que comunique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do Instituto de Crédito Oficial.

SEGUNDO: Remitir una copia del expediente tramitado al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

TERCEIRO: Facultar o Alcalde-Presidente tan amplamente e expresamente como en dereito fose necesario para a formalización da operación de préstamo e a firma de cantos documentos sexan necesarios en orden á execución do presente acordo.”

4º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ACONDICIONAMENTO DO ATERRADO DE DOMAIO.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que o BNG presenta esta moción dada a súa importancia, dando resposta ás reclamacións dos veciños durante moitos anos. No ano 2009 por fin déuselle un empuxe esperanzador ca execución da primeira fase do paseo. Ca presidencia de Corina Porro comprometeuse para facer a segunda fase. O tempo pasou, Crina marchou sen que se fixese nada. Hai poucas semanas presentouse un plan de usos e eses terreos practicamente pasarán a Costas do Estado. Esta moción é prioritaria para seguir impulsando o tema se traia a un plano de actualidade, esixindo que quen se comprometa a algo, logo cumpra. A continuación o Sr. Rodas lee a moción:

“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O ACONDICIONAMENTO DO ATERRADO DE DOMAIO

O concello de Moaña, despois de moitos anos reclamándolle á Autoridade Portuaria de Vigo o acondicionamento da zona do aterro de Domaio, conseguiu sendo Jesús Paz presidente da Autoridade Portuaria o compromiso de levar a cabo a construción do paseo de Domaio en dúas fases, unha primeira no ano 2009 e unha segunda fase no 2010.

O compromiso da primeira fase levouse a cabo con celeridade e eficacia, inaugurando esta obra, por causas do cambio de goberno, a entón presidenta Corina Porro. Cando inauguraba esta obra, remarcounos o “aprezo” que lle tiña a Domaio, por ser ela residente no veciño concello de Vilaboa e ademais de vir a comprar o pan, ademais de vir habitualmente a rezar en Domaio. Era amor e fe, pero sen obras, porque marchou sen concretar o seu compromiso coa segunda fase.

A redación do proxecto da segunda fase foi consensuado e radactado polo concello de Moaña, ten un custe duns 300.000 euros e completa o acondicionamento do tramo restante desde a rampa das bateas ata o actual paseo. O período presidencial da anterior presidentea Corina Porro transcorreu sen levar a cabo ningunha xestión, intentando desviar as responsabilidades ao Ministerio do Medio Rural e Mariño.

En outubro de 2011, o actual presidente, Ignacio López Chaves, na súa visita institucional a Moaña e diante do alcalde e amigo José Fervenza, afirmaba que o Autoridade Portuaria asumiría a adxudicación da segunda fase do paseo marítimo da parroquia de Domaio ao longo do 2012, e valoraba asumir todo o seu custe. É máis, incluso renunciaba á demanda da anterior presidenta a xa non pediría que ningunha outra administración asumise o pago do 50% da actuación. “Vamos a tratar de financiar todas estas obras, tan reclamadas por los vecinos de Domaio”, declaraba. López Chaves aseguraba que en este ano quedarían adxudicadas.

Recentemente a Autoridade Portuaria ten iniciado os trámites para o traspaso de terreos que son da súa competencia no concello de Moaña e que non lle son rentables, moitos deles terreos gañados ao mar, como é o caso do aterro de Domaio, a Costas do Estado, o que pode traer perigosas consecuencias. Dado que unha vez traspasadas a Costas, as obrigacións da Autoridade Portuaria desaparecerían, evaporándose o compromiso da segunda fase do paseo de Domaio.

Os veciños de Domaio precisan un compromiso claro por parte da Autoridade Portuaria, xa que as promesas tanto da anterior presidenta, Corina Porro, como do actual, Ignacio López Chaves non os convencen, son vagas e curiosamente coinciden sempre con períodos electorais. Pasadas as eleccións, do prometido ninguén se acorda.

O BNG esixe compromisos claros. A primeira fase é unha agradable realidade. Dotou a Domaio dun espazo de lecer, importante, que está sendo utilizado masivamente e conforma un importante polo de dinamismo social con zona de paseo, club náutico, cafeterías, actividades deportivas, etc, etc. Queda rematar o que comezamos no 2009. hai proxecto, os diferentes colectivos sociais consensuaron unha mesma proposta; só falta a firme vontade de executalo.

Falta o compromiso real de quen anunciou no ano 2011 que se traballaría para que neste ano 2012 se licitase e adxudicase a segunda fase. Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Recabar o apoio de todos os grupos municipais no convencemento de que é urxente conseguir o compromiso da Autoridade Portuaria de Vigo, de que se leven a cabo as obras da segunda fase do paseo de Domaio antes de que se remate o expediente de aprobación do Plan de Usos e dos Espazos Portuarios da Autoridade Portuaria de Vigo.
- 2.- Dirixirse á Autoridade Portuaria de Vigo para esixir a licitación e adxudicación neste 2012 das obras de “Acondicionamento da segunda fase do paseo marítimo de Domaio”, de acordo co proxecto redactado en 2009 coa supervisión do concello de Moaña e consensuado polos colectivos sociais da parroquia.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que non sabe se o PP contraprogramou esta moción ca visita onte do Presidente da Autoridade Portuaria. Imos apoiar esta moción. O

PSOE reivindicará sempre o protagonismo decisivo no aterrado, pero agardamos que en pouco tempo deixe de ser un aterrado e pase a ser un paseo.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo afirma que na moción se fala de dúas fases. Na primeira no ano 2009 e unha segunda no 2010. O PP entrou a gobernar no 2011. No 2010 non estaba o paseo. Escúdanse en cuestións políticas. Igual que Corina Porro, vostedes tamén terían que ir rezar á igrexa de Domaio, non solo a rezar, tamén a confesarse e facer unha cura de humildade. Dicía que López Chávez asumiría a adxudicación da segunda fase do paseo marítimo ao longo do 2012 e no 2012 aínda non rematou. Houbo un compromiso de Ignacio López Chavez para licitar as obras antes do 2013 pero xa aos cento cincuenta días de goberno xa se adquirira o compromiso. Respecto do financiamento por outra administración, malo se se pide o 50% e malo se son se pide nada. En terceiro lugar, houbo un traspaso de terreos da Autoridade Portuaria a Costas del Estado, se como din, o PP non fai nada nin move un dedo, non terán que preocuparse, non haberá traspaso. ¿De qué teñen medo?. En cuarto lugar, respecto á reclamación do compromiso claro, podemos remitirnos a outros compromisos do BNG como os das vivendas sociais no 2006. En quinto lugar, din que falta un compromiso real, hai un compromiso real no 2011 do Presidente para a licitación e a adxudicación da segunda fase no 2012, aínda estamos no 2012. Imos votar a favor. Traballamos para que a licitación e a adxudicación da segunda fase se leve a cabo este ano.

O Sr. Pastoriza afirma que a razón pola que Paz non puido acometelo de unha tacada era porque non estaba orzamentada a obra e polos límites do crédito. Por iso se fixo en dúas anualidades e cumpriu. Fixo a primeira fase mentres foi Presidente da Autoridade Portuaria. Corina Porro mareounos. Viu aquí e dixo que había disposición para acometer a segunda fase e recabaaba o apoio económico de Costas para acometelo. Costas pediu primeiro a retirada do aterrado. Corina mareounos cos técnicos para finalmente non facer nada. Agardamos para ver se López Chaves remata a obra.

O Sr. Rodas afirma que hai dúas maneiras de estar na política: por ideas e proxecto propio e por casualidade. No primeiro caso vaise facendo o proxecto e encaixando as pezas. Quen non ten proxecto e actúa en base ás reclamacións da oposición e dos colectivos baséase en promesas e de promesas imos cansos. A anterior Presidenta da Autoridade Portuaria dicía que tiña vínculos con Domario, entre outras cousas pola proximidade da súa casa, pero deses vínculos nada de nada, deu prioridade a outros proxectos que nunca se levaron a cabo. O actual Presidente tamén ten vinculación, San Martiño, pero de compromisos nada, cinco fotos. Os compromisos, en papel. Quen non ten proxecto cree que cas fotos é suficiente. Así non se fai política. A política é necesaria para transformar a nosa realidade, como fixo o BNG cando gobernou. Agradecemos o apoio a esta moción.

A Sra. Varela sinala que o Sr. Rodas non é o máis indicado para falar de fotos e compromisos. O PP mira cara o futuro e non queda estancado.

O Sr. Rodas responde que a Sra. Varela pode falar de futuro...

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo BNG sobre o acondicionamento do aterrado de Domaio aprobándose, por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

1.- Recabar o apoio de todos os grupos municipais no convencemento de que é urxente conseguir o compromiso da Autoridade Portuaria de Vigo, de que se leven a cabo as obras da

segunda fase do paseo de Domaio antes de que se remate o expediente de aprobación do Plan de Usos e dos Espazos Portuarios da Autoridade Portuaria de Vigo.

2.- Dirixirse á Autoridade Portuaria de Vigo para esixir a licitación e adxudicación neste 2012 das obras de “Acondicionamento da segunda fase do paseo marítimo de Domaio”, de acordo co proxecto redactado en 2009 coa supervisión do concello de Moaña e consensuado polos colectivos sociais da parroquia.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO.

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, di que se cumpre un ano dende a última reunión da Comisión de Seguimento do Plan Xeral e sete meses dende a comparecencia da Concelleira. Naquela comparecencia, a Concelleira afirmou que nos primeiros cinco meses de lexislatura non se convocara a Comisión de Seguimento porque non había novidades. Pasados sete meses seguimos na mesma situación e por iso presentamos esta moción.

A Sra. Martínez lee a moción:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO

O pasado mes de novembro o grupo municipal do BNG solicitou a comparecencia ante o Pleno da Corporación da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da xestión realizada na súa área, en especial no referido á redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

En dita comparecencia o BNG denunciou a total falta de actividade para rematar os traballos do PXOM e a absoluta falta de transparencia e participación con que o PP estaba levando a xestión desde a súa chegada ao goberno: desde xuño de 2011 só se celebrou unha reunión da comisión de seguimento, no mes de agosto, e os acordos alí tomados foron ignorados polo goberno municipal; nas comisións de Urbanismo, a información sobre o tema é nula. O goberno municipal suple a falta de xestión e comunicación por intervencións periodísticas cheas de falsidades, medias verdades e evasivas.

O certo é que a estas alturas, trece meses despois de chegar o PP ao goberno e un ano despois da aprobación parcial do documento, os traballos de corrección do Plan está paralizados; adebédaselle ao equipo redactor unha cantidade próxima aos 60.000,00 € pola elaboración do segundo documento refundido para a aprobación definitiva e o goberno municipal non deu mostras de querer pagalos; o equipo redactor non ten instrucións sobre como continuar os traballos, a pesar de solicitálas por escrito e de forma reiterada e, por último pero o máis grave, Moaña conta cun documento en vigor parcial, deficiente, confuso, recorrido xudicialmente e inseguro desde o punto de vista xurídico. Hai unhas semanas, o alcalde, na última das súas ocorrencias, anunciou publicamente que pretendía que a adaptación do documento ao POL fose realizada polos técnicos municipais, “para aforrar”. Con eses criterios, máis valera que dixera que Moaña é demasiado pobre para ter un Plan Xeral, e polo

tanto que os traballos xa realizados –o 90%- estaban mellor enterrados nun caixón. Polo menos contaría o que pensa.

Nestas circunstancias, e dada falta total de información xa aludida, o grupo municipal do BNG vese na obriga de solitar de novo a comparecencia da concelleira delegada de Urbanismo ante o Pleno da Corporación para dar conta do estado actual dos traballos do PXOM e as previsións futuras, ademais de responder dos incumprimentos dos escasos compromisos adoptados na súa anterior comparecencia do mes de novembro. Propomos por tanto a adopción do seguinte

ACORDO:

Requirir a comparecencia da concelleira delegada de Urbanismo no próximo pleno ordinario da Corporación para dar conta da marcha dos traballos de adaptación, corrección e refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal.”

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que veñen recabando información sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal nas Comisións sobre os ámbitos suspendidos do Plan. Se algún particular ven cun proxecto nalgún deses ámbito veremos cómo se informa. Logo da criminalización que esta a facer o Goberno de España dos concellos veremos se Moaña mantén as competencias urbanísticas. Moaña está en menos de vinte mil habitantes, veremos se pasa o filtro de cualidade fixado. Non está de máis que a Concelleira nos informe sobre os ámbitos comerciais e industriais e sobre cómo se solventa o tema económico. Haberá que valorar tamén sobre o proceso de adaptación do Plan ao POL e sobre as xestións acometidas polo Goberno Municipal.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, sinala que está de acordo en comparecer ante o Pleno. Primeiro, leo textualmente a solicitude de comparecencia: “*Dar conta das xestión realizada na súa área, en especial no referido á redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal.*” Infórmase nas Comisión informativas de Urbanismo. En segundo lugar, fálase de total falta de actividade para rematar os traballos do PXOM. Os técnicos, o redactor do Plan e eu temos ido a Santiago, ¿fumos a pasear nas reunións que tivemos en Santiago?. Falan de que non se celebran Comisións de Seguimento, cando para min, as Comisións Informativas de Urbanismo veñen a ser como Comisións de Seguimento. Falan de correccións no PXOM. Se se tivese feito un bon traballo con anterioridade non falaríamos agora de correccións e de aprobación parcial. No quinto punto critican a redacción do POL por técnicos municipais. Faise para aforrar. O orzamento do Redactor ascendían a trescentos mil euros. Tirarase dos técnicos municipais. Non hai cartos. ¿Os técnicos municipais non son competentes para realizar este traballo?. Estou totalmente de acordo ca miña comparecencia. Contestarei gustosamente ás preguntas que se me formulen como fixen na anterior comparecencia.

A Sra. Martínez agradece que a Concelleira compareza. A Concelleira di que nas Comisións Informativas de Urbanismo dase información sobre o PXOU. Asistín á maioría das Comisións e non teño esa información sobre os avances no PXOU. Se foron pasear a Santiago, non o sei. De ter información debería convocar a Comisión de Seguimento. Para iso son. Di que se se fixera ben antes agora non habería que facer cambios, pero a necesaria adaptación ao POL é unha cuestión novedosa e aínda non se fixo en ningún PXOU. Son cousas recentes. Respecto ao traballo dos técnicos municipais, non cuestionamos a súa

capacidade pero o PXOU xa está feito nun 90%. En palabras do redactor que non se trata de un traballo complicado de resolver, son problemas técnicos.

A Sra. Varela di que afirmar que nas Comisións Informativas non se da información sobre o Plan é incerto. Imos ter que grabalas. ¿Que está aprobado nun 90%?. Hai áreas en suspenso. Non solo se trata de adaptalo ao POL.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que non se pode consentir que diante de toda a Corporación a Sra. Varela diga tales falsedades. Non dixo nin un minuto a verdade. Nas Comisións de Urbanismo non se informa nada porque non presenta nin un novo papel. Solo un papel novo do Redactor no mes de marzo que a Concelleira ocultou. Non falou diso. O que vostede está sustentando é que fixo algo cando non se leva feito nada. O que conta a Concelleira o conta na prensa. Respecto do Plan Xeral estamos como estabamos en setembro. Non debería falar con tanta displicencia sobre o traballo anterior. O 14 de xullo saíu diante do hórreo felicitándose do feito de que tivera que vir unha muller para sacar adiante o Plan Xeral. Enchéuselle a boca. Nin un recordatorio para o traballo feito pola Corporación anterior. Naquel momento o Plan era perfecto. As cousas requiren traballo, ser constante e saber de qué se fala. É ignorancia. Os técnicos municipais están para o que están. Un aparelador e un arquitecto contratado por horas. Toman o pelo aos veciños. A adaptación ao POL aínda non se fixo e non hai criterios claros. Haberá un equipo técnico que terá que responsabilizarse dos traballos e vostedes dirixilos politicamente. Non hai nada diso. O equipo redactor vai reclamar o pago da factura escondida e o tapan esgrimindo non sei qué problemas técnicos. O Plan non lles importa nada. ¿Negociaron algo?. ¿Buscaron algún equipo para facer os traballos?. As dúas ofertas presentadas, por trescentos mil e por noventa mil euros, probablemente sobrevaloradas. Prepare os traballos e faga un concurso para licitalos. Moaña ten noventa mil euros para rematar os traballos. Se non o facemos agora probablemente non o fagamos nunca. Estarán tirando trescentos mil euros gastados, o importante traballo feito e proxectos paralizados. Se tan preocupados están polos cartos que teñan en conta que o ano que ven remata a subvención de Urbanismo. Non se solicitou nin a renegociación da axuda. Déanos unha boa noticia periodística. Que quede claro que vostede non informou en Comisión sobre nada porque nada se fixo. Non convocan a Comisión de Seguimento.

O Sr. Alcalde afirma que lle estrana que o Sr. Millán nin siquiera pedise a palabra para intervir. Se insulta aos membros da Corporación dalle igual. Vostede leva dicindo falsedades dez anos. A moción é falsa. Non son sesenta mil euros, son sesenta e tres mil. O que vostede apalabrou co equipo redactor que agora nega. O redactor vai reclamalo. Fala de retraso nos pagos, retrasos que sempre houbo. No dossier que aportou aparece documentado. As informacións sobre as reunións facilítanse. Consultamos á Secretaría e á Intervención cando Freijeiro reclamou o pago. A xestión continúa. Aí están as reunións que facían vostedes e ocultaban á Corporación. A Santiago fun dúas veces soas. O resto foron os técnicos. O PXOM ten que facelo os técnicos e o equipo redactor. O redactor reclama os sesenta e tres mil euros que vostede lle prometeu. Aprobouse o 90% do Plan Xeral. ¿Dime vostedes que os técnicos do Concello non poden facer ese 10% que resta?. Fale cos técnicos, non serán válidos para vostede. Imos sacalo adiante. Respecto das Comisións de Seguimento, cando teñamos o traballo realizado fareinas ca asistencia do redactor. Por facela podémolo facer mañá. Cando a fagamos seremos claros, cos técnicos. Tódalas semanas fálase do Plan Xeral. Ides ter toda a información. Se queren colaborar fágano. Non veñan con estas fantasmadas.

O Sr. Millán di que son sesenta e seis mil euros. Eses sesenta e seis mil euros son do segundo refundido que se remitiu a Santiago e que foi aprobado parcialmente. Ese que según vostedes fixeron nun mes. Esa xestión extraordinaria foi súa pero as facturas dos traballos son nosas. As facturas non son nosas ou de vostedes, son do Concello. Falou de unha factura de Arteplán. Non a hai. Non está na relación de facturas que se trouxo a aprobar dentro do préstamo de pago a provedores. Iso máis que factura era un orzamento. A factura mandárona despois en non a tramitou. Tena nun caixón.

O Sr. Alcalde di que non caixón están as que deixou o Sr. Millán.

O Sr. Millán afirma que o BNG está disposto a votar unha man para sacas o PXOM. Tanta rabia lle da ao Alcalde falar co BNG que nin quere facelo. Non quere sacalo adiante para logo ter que darlle explicacións aos veciños de Albariños ou á Asociación de empresarios. Non vai quitar o PXOM en todos os anos que vote aí. Políticamente, ao PP non lle interesa. ¿Qué papel novo entregaron?. Non hai nada. Transparentes son sí, non teñen nada por diante ou por detrás. Os técnicos municipais son competentes para o seu traballo, non para facer o traballo de outros. As adaptacións que fixeron son secretas, non hai documento público. Como tamén os meten nun lío cando lles dixeron de facer o desenvolvemento de Sisalde e para iso están máis capacitados.confío neles para facer o seu traballo. Con iso sepultan o PXOU e votan a culpa a outros.

O Sr. Pastoriza. Voceiro do PSG-PSOE, pide un pouco de sentido da realidade. Levamos con PXOU dez anos. A realidade é a mesma. Todos tratamos de atender as demandas dos veciños e as levamos, na medida do posible, ao PXOU. Co consenso da Corporación, de veciños e promotores, foise facendo o PXOU. A Xunta sempre dixo o mesmo. Defendimos o residencial e o solo industrial. Nesas andabamos cando remataron os prazos da lei. Logo das eleccións municipais aprobouse unha chafallada. Non sabemos o que está aprobado. O momento é o que é, non hai nin qué informar. ¿Qué pasaría se se presenta un proxecto neses ámbitos?. Dende o Concello deuse a posible continuidade á aprobación parcial ca publicación. Os técnicos fixeron un pegote negro nas zonas en suspenso. Hai que aclarar canto se lle debe a Freijeiro e en concepto de qué. Sesenta mil euros polo segundo refundido. Ten que rematalo. Haberá que arranxar os solos en suspenso. Sacalos adiante e se fai falta pagar a Freijeiro. E no seu caso, ver de adaptar o Plan ao POL. Valorar o que custaría.

A Sra. Varela sinala que na última Comisión faláron de que acompañando a corrección das áreas en suspenso debe ir a adaptación ao POL. Iso non está previsto no contrato do redactor. Falámolo na última Comisión Informativa. Sr. Millán, nunca puxen en cuestión o traballo levado a cabo pola anterior Goberno durante oito anos. Solo resposteí cando vostede puxo en cuestión a xestión do actual Goberno. Busque onde eu o dixen. Respecto o traballo de todo o mundo. Nunca dixen que o Plan o aprobase eu. Xamais. Demóstreo. Falamos de dous orzamentos. Entendimos que os técnicos municipais estaban capacitados para facelo e o Concello non está para elaborar o POL. ¿Que trescentos mil euros non supoñen nada para nós?. Según vostedes hai que endebedarse máis. Nunha Xunta de Voceiros o Sr. Millán dixo: vostede saberá se hai que pagalo ou non. Non hai máis cego que o que non quere ver.

A Sra. Martínez afirma que a decisión de pagar corresponde ao Alcalde. Hai tres meses preguntamos sobre isto e contestousenos que o equipo redactor estaba a traballar na adaptación ao POL.

A Sra. Varela responde que estaban a traballar na corrección das áreas en suspenso.

A Sra. Martínez afirma que se dixo que a prioridade unha vez gastados os cartos é rematar o traballo. Que sexa unha prioridade logo do traballo e dos cartos investidos. O Concello debe ter un PXOM.

Rematada a quenda de intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a comparecencia ante o Pleno da Concelleira Delegada de Urbanismo, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes co seguinte acordo:

- Requirir a comparecencia da concelleira delegada de Urbanismo no próximo pleno ordinario da Corporación para dar conta da marcha dos traballos de adaptación, corrección e refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE O ALLANAMENTO DE NGB Á DEMANDA DA FISCALÍA GALEGA NO ASUNTO DAS PREFERENTES.

O Sr. Pastoriza. Voceiro do PSG-PSOE sinala que se trata da cuarta ou quinta vez que se trae este asunto a Pleno. Tema de longo recorrido e que está de actualidade polo rescate europeo dos bancos co aval de todos e polas noticias de que Novagalicia Banco optará pola arbitraje unicamente axudando aos que poderán demostrar que eran analfabetos ou cegos. Todos os demais que suscribiron accións preferentes téñeno fastidiado.

A continuación o Sr. Pastoriza lee a moción:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 3 de xullo a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia presentaba nos Xulgados ordinarios da Coruña unha demanda civil colectiva contra Caixa Galicia preferentes S.A.U., Caixa Nova Emisións, S.A. U. e Novagalicia Banco, en defensa dos miles de galegos e galegas que se atopan atrapados no corralito das Participacións Preferentes.

A demanda plantexada pola Fiscalía da resposta á dramática situación que a comercialización masiva de Preferentes ten provocado en máis de 43 mil familias galegas, e plantexa que se declaren nulas determinadas cláusulas establecidas nos contratos, en tanto en canto as mesmas son claramente abusivas, lesivas e fraudulentas en relación ós clientes minoristas da entidade NGB.

O Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Ministro de Economía, Sr. de Guindos, os grupos políticos galegos e os propios executivos das entidades financeiras teñen amosado públicamente que as participacións preferentes son produtos de alto risco que nunca deberon ser comercializadas a clientes minoristas de NGB, que en ningún caso deben ser considerados inversores financeiros.

Mesmamente, a posición amosada polos executivos de NGB é clara en torno á necesidade urxente de dar unha solución ó conflito das preferentes, solución ate de agora imposible dado que, en canto banco recapitalizado con diñeiro público, a Comisión Europea impón restricións para a recuperación do 100% do capital invertido, na medida que as “ Preferentes”, segundo a Directiva comunitaria, son produtos que deben absorber perdas.

A Xunta de Galicia non ten plantexado ningunha proposta diante do FROB (dono do Banco), nin diante da Comisión Europea cara a resolución deste auténtico drama humano que está a colocar ós afectados nunha situación desesperada.

A “arbitraje selectiva” suxerida pola Xunta de Galicia como método de resolución extraxudicial deste conflito, ademais de ser masivamente rexeitada polos afectados, non é vinculante para a Comisión Europea e por tanto non é aplicable como instrumento para resolver o tema das Preferentes.

A única vía a corto prazo para dar carpetazo a este problema ten que vir da modificación das condicións estritas que regulan a axuda financeira ás entidades nacionalizadas, permitindo que o troco das preferentes se faga por depósitos de prazo fixo garantindo o 100% do nominal , ou da obtención nos Tribunais do Estado Español dunha sentenza xudicial que declare nulas as cláusulas que regulan os contratos das Preferentes.

A demanda colectiva plantexada pola Fiscalía persegue a obtención dunha resolución xudicial que poña fin dun xeito perentorio o drama que sufren miles de galegos e galegas.

O Allanamento de NGB á demanda da Fiscalía permitiría devolverlle os aforros ós afectados nun prazo inmediato non superior a tres meses; “ Allanamento” que sería consecuente coas declaracións e manifestacións do Presidente de NGB diante das plataformas de afectados , cara a unha rápida resolución desta fraude.

Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.

O Pleno Municipal do Concello de Moaña , insta a Xunta de Galicia para que se dirixa á entidade financeira NOVAGALICIA BANCO, a efectos de que se ALLANE a demanda xudicial interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en defensa dos intereses dos miles de galegos e galegas que non tendo a condición de inversores financeiros, foron enganados, non informados axeitadamente ou non se lles advertiu dos riscos que supuña a contratación de Participacións Preferentes, permitindo deste xeito obter unha sentenza xudicial vinculante no ordenamento xurídico español e comunitario, que obrigue a devolución dos aforros os afectados defraudados.”

O Sr. Alcalde afirma que se alguén ten que ir ao cárcere que vaia. Xa sexan representantes políticos ou dos bancos. Estamos aquí para defender aos veciños afectados. A xente foi totalmente enganada. Prestaremos todo o apoio posible.

O Sr. Pastoriza di que se outros gobernarán en Madrid habería unha diferente actitude por todos.

O Sr. Freire sinala que é un tema delicado. As participacións preferentes son un produto financeiro que foi comercializado como obrigas e que, pese a tratarse de un produto legal, é complexo e de elevado risco que se ofrecía a cambio de unha contratación perpetua. Todas estas características das participacións eran descoñecidas pola maioría dos pequenos aforradores que as contrataron onde se atopan numerosos veciños de Moaña. O PP é consciente de que a venda foi froito dunha mala práctica, e amosa a súa sensibilidade respecto das situacións persoais que están a prexudicar aos nosos veciños. É necesario lembrar que NCG Banco foi nacionalizada a través do Fondo de Reestructuración Bancaria e, polo tanto, todas as propostas e actuacións que se leven a cabo teñen que ser aprobadas por Bruselas. Polo tanto, ao estar controlada en mas de un 90% por fondos públicos, calquer solución pasa por contar co acordo explícito da Comisión Europea, presidida polo Sr. Almunia. Sábese de antemano que NGB non vai aceptar o allanamento, o impide a normativa de axudas públicas. Por este motivo, seguindo a liña das demais mocións presentadas sobre esta tema, propoñemos unha emenda, e que os acordos da moción vaian dentro do maro que se aprobou no seu día no Parlamento de Galicia polas tres forzas políticas, e que polo tanto, non se entende agora o interese ou o cambio de opinión do partido socialista.

O Sr. Pastoriza afirma que para que Europa preste aos bancos, que están como están, co rescate, co IVE, o desemprego, a dependencia, as pagas extras dos funcionarios... Despois de prestar cen mil millóns, ¿vai entrar no chalaneo das preferentes?. Foi unha fraude en toda regra. No seu caso, alguén terá que ir ao cárcere. Non teñen un duro, a saber onde o meteron. O problema principal do sector bancario é Bankia, que está levando ao barco contra as pedras. O Presidente o puxo quen o puxo.

O Sr. Freire di que está de acordo en que eses señores terían que ir ao cárcere.

O Sr. Pastoriza afirma que xa están tardando.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Pastoriza debería de lembrarse tamén de Zapatero. Víctor sempre te olvidas del.

O Sr. Pastoriza afirma que Bankia é o problema.

O Sr. Alcalde responde que tamén será dos seis millóns de parados.

O Sr. Freire di que o problema é de Bankia e de tódalas caixas.

O Sr. Pastoriza afirma que todos son da mesma camada. ¿Cal é a emenda?. Unha cousa é o que se aprobou no Parlamento de Galicia e outra o que pide a Fiscalía. Ademais de pedir perdón, que devolvan os cartos. Non ha lugar á emenda. Allánese á Fiscalía.

Non se suscitan máis intervención e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre allanamento de NGB á demanda da Fiscalía galega no asunto das preferentes, aprobándose por unanimidade dos asistentes cos seguintes acordos:

- O Pleno Municipal do Concello de Moaña, insta a Xunta de Galicia para que se dirixa á entidade financeira NOVAGALICIA BANCO, a efectos de que se ALLANE a demanda xudicial interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en defensa dos intereses dos miles de galegos e galegas que non tendo a condición de inversores financeiros, foron enganados, non informados axeitadamente ou non se lles advertiu dos riscos que supuña a contratación de Participacións Preferentes, permitindo deste xeito obter unha sentenza xudicial vinculante no ordenamento xurídico español e comunitario, que obrigue a devolución dos aforros os afectados defraudados.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MELLORA DA EDAR DA LAXE.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, agradece á Asociación de veciños do Latón por facerlle partícipe ao seu Grupo, colaborar na presentación da moción e facerlles voceiros da súa demanda. Nesta materia hai un continuo incumprimento do Alcalde da promesa electoral feita. O Alcalde debe xestionar a través da prensa. Non trouxo esta cuestión da depuradora a ningunha comisión informativa. A moción di o seguinte:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2001, construíuse na Laxe a Estación Depuradora de Augas Residuais que da servizo a todo o Concello.

Os veciños que viven nas proximidades da EDAR veñen soportando os continuos cheiros que emanan -principalmente-, dende o tanque de entrada das augas na estación. Estes cheiros aumentan proporcionalmente en canto as temperaturas suben. Por si este feito fora pouco, tamén se detectan verdadeiras “pragas” do que se creen “mosquitos” e que os veciños achacan igualmente a depuradora.

Durante a campaña electoral o actual alcalde D. José Fervenza, comprometeuse cos veciños do Latón en que, se accedía a alcaldía, solucionaríase dunha vez por todas a situación denunciada polos veciños. Mesmo despois, en reunión con colectivos veciñais da zona, garantizoulles dita solución a curto prazo.

Xa en outubro de 2011 o Seprona, despois dunha inspección instada a raíz dunha denuncia dos veciños, recoñeceu que, aínda que a depuradora encontrábase funcionando de forma correcta, a causa do calor se producían malos cheiros na zona da planta denominada de pretratamento, que non se encontra cuberta.

En datas recentes, na prensa escrita, o alcalde volveu a manifestar que dito compromiso ía a ser unha realidade en breve, posto que xa se estaban realizando as xestións pertinentes; xestións que a día de hoxe descoñecemos tanto a oposición coma os veciños.

Tendo en conta que esta sería unha actuación de medio calado, no que o aspecto económico se refire, xa que presupostos elaborados no seu día, valoraban a obra nuns 250.000€, non se pode entender como a día de hoxe os nosos veciños de Meira aínda sofren este mal.

En base a todo o anterior, o Pleno Municipal do Concello de Moaña ACORDA:

Que o Goberno Municipal emita informe no que se precisen as xestións feitas ata o momento

para darlle solución a este problema, aportando os documentos que a acrediten.

Que por parte do Concello de Moaña, se realice un estudo a fondo da situación real de funcionamento da planta depuradora de Meira, en distintas condicións metereolóxicas, para determinar o grao de salubridade das emanacións que saen de este complexo, e que realice un informe facendo as propostas correctoras necesarias.

Que por parte do Concello se leven a cabo cantas medidas sexan necesarias para poñer fin os cheiros que emite a EDAR.”

O Sr. Alcalde agradece ao PSOE e á Asociación de Veciños pola preocupación amosada neste tema. Un problema en Meira que sofren os veciños. Quero lembrarlle ao PSOE que nun ano nunca preguntou por este problema. Houbo unha anomalía. No mes de outubro estivo o Seprona alí. Unha empresa encárgase de facer unha revisión cada dous meses. Non hai anomalía. Tamén fanse toma de mostras cada dous meses. Dende o Concello levamos o control. Pode haber varias solucións. Tentaremos arreglar o problema. O Concelleiro de Servizos cada semana fala con Aqualia por este tema. Durante o inverno entrar uns doce mil metros cúbicos a diario, a maior parte de pluviais. No verán entran uns seis mil metros cúbicos, e a maioría de fecais. De aí o problema. Ímolo resolver. Estamos valorando a forma. Falei co Concelleiro sobre este tema. Agora mesmo dende o Concello non a temos. Ogallá entre todos atopemos unha solución. Comprometínme cos veciños a solucionar o problema. Estamos en vía de solucionalo. Estamos a favor da moción e de dar unha solución a o problema.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que por fina apereceron os informes. O BNG pediu por escrito a relación de informes. Contestaron que non sabían nada. Enterámonos agora de que existen. O BNG está de acordo ca exposición de motivos da moción e egradecemos a actitude dos veciños que se expresan con claridade esixindo o cumprimento dos compromisos. É a voz crítica e necesaria do pobo. Engadiría aos acordos da moción o de requirir a Aqualia a redacción do proxecto e licitación da cuberta e do tanque de pretratamento e se en seis meses non se realiza executar a parte correspondente do aval.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Medio Ambiente, afirma que se solidariza co barrio. Cónstame que cheira. É unha zona que persoalmente me encanta. Pero o problema non ven de agora. A depuradora fíxose no 2001, unha obra conseguida polo PP. ¿Que había que melloralo?. Por suposto, pero dende o ano 2001, xa houbo tempo. Vostedes tiveron oito anos de goberno para melloralo, e en épocas de vacas gordas. ¿Non cheiraba mal naqueles momentos ou é que estaban atascados?. Estánse a facer xestións oportunas para acadar as melloras necesarias. As propostas de mellora serían as seguintes: A primeira, cun primeiro paso, un estudo olfatómico, determinar as fontes e a composición química dos cheiros. Un segundo paso sería cubrir as instalacións, especialmente o decantador, primeiro ca extracción e desodorización química dos gases antes de ser emitidos á atmosfera. A segunda proposta, un tratamento químico na fase 1ª con H₂S, mellorando a eliminación da DBO, DQO e G orgánico. Unha terceira proposta, o método de desodorización, eliminar o mal cheiro na depuradora de A.R., con tres pasos: captación do mal cheiro, conducción ata a zona de tratamento e tratamento final. Son as opcións que se están a barallar. Este Goberno non está parado. Somos conscientes do problema.

A Sra. Freire sinala que aceptan a emenda proposta polo BNG. Os Concelleiros do Goberno Municipal non se poñen de acordo nin entre eles. O Alcalde di que agora mesmo non teñen solucións e a Concelleira fala de tres propostas. As propostas non se expuxeron nin se comentaron á oposición. A depuradora leva instalada tempo pero o informe do tratamento é de outubro de 2011. Ademais de traer ao compañeiro de partido de paseo a Moaña. Dispón na Deputación de catorce millóns de euros de libre disposición ao seu cargo que podería adicar a arreglar o problema.

O Sr. Alcalde responde que acostuma a invitar a Moaña a distintas personalidades e cargos institucionais. Non ten que ver unha cousa ca outra.

A Sra. Freire sinala que o Sr. Alcalde está acostumado a visita dos cargos do seu partido sen asumir ningún compromiso. Sen comprometer posibles investimentos en Moaña.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que no mesmo entorno hostil de relación ca concesionaria estivemos nós, e das súas miserias económicas reclamando a actualización das taxas. Non consentimos que a depuradora parase. Amenazar amenazaban pero era todo de boca. As taxas por depuración seguen sendo as mesmas. A depuradora é biolóxica, cun funcionamento particular e algunha carencia. Consequimos que os lodos se adaptaran e as rodas de fecais non pararon. Estabamos a tratar de atopar unha solución cando nos deron porta. O problema é do tanque de entrada. Haberá que revisar o informe e comprobar se no tanque de entrada se elimina a maior parte dos cheiros, que se faga o necesario.

O Sr. González, Concelleiro Delegado de Servizos afirma que está convencido que a Sra. Freire ve debates na televisión. Sobre a persoa á que fixo referencia antes, nós invitamos a todos, a vós tamén e nunca vides. Dos catorce millóns de euros que a Deputación pode investir, son os mesmos que os teus compañeiros, Marta, non quixeron investir no campo de fútbol.

O Sr. Alcalde di que, en calquera caso, van buscar solucións.

A Sra. Freire afirma que non lle parece mal que conviden a cargos. O importante é que veñan investimentos para Moaña. Esta é a mesma prioridade que hai un ano.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre mellora da EDAR na Laxe ca emenda proposta polo BNG, aprobándose por unanimidade dos asistentes cos seguintes acordos:

- Que o Goberno Municipal emita informe no que se precisen as xestións feitas ata o momento para darlle solución a este problema, aportando os documentos que a acrediten.
- Que por parte do Concello de Moaña, se realice un estudo a fondo da situación real de funcionamento da planta depuradora de Meira, en distintas condicións meteorolóxicas, para determinar o grao de salubridade das emanacións que saen de este complexo, e que realice un informe facendo as propostas correctoras necesarias.
- Que por parte do Concello se leven a cabo cantas medidas sexan necesarias para poñer fin os cheiros que emite a EDAR.
- Requerir a Aqualia a redacción do proxecto e licitación da cuberta e do tanque de pretratamento e se en seis meses non se realiza executar a parte correspondente do aval.

8º.-ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que quere saber respecto da denuncia presentada contra o Concelleiro Valentín Piñeiro González. Unha denuncia presentada polo Sr. Alcalde asinada por todos os Concelleiros do seu Grupo. No seu momento saíron na prensa

informando da presentación da denuncia por inxurias e calumnias por unhas declaracións do BNG respecto da actuación do actual equipo de goberno en materia urbanística. Para vostedes esas declaracións eran calumnias e o denunciaron ante o Xulgado de Cangas. Logo de oito meses o Concelleiro denunciado non foi chamado a declarar nin soubo nada. O Concelleiro foi difamado na prensa. Utilizaron as armas da xustiza contra as razóns da política. Non sabemos nada da denuncia. Honraríanos que alguén dixese: nos equivocamos e pedimos perdón. A mes de xullo non hai trámite ningún respecto da denuncia. ¿Sabe en qué fase do procedemento se atopa a denuncia ou se foi arquivada?. Como Alcalde do Concello e a pesares de que a denuncia é semipública por terse presentado por oito Concelleiros, non debería contestar como se fose un asunto municipal?.

O Sr. Alcalde afirma que o consultará co seu avogado e responderalle.

O Sr. Millán pregunta quen é o avogado.

O Sr. Alcalde responde que é confidencial.

O Sr. Millán afirma que o Sr. Alcalde non entende o sentido da segunda pregunta. En calquera caso, volverei preguntarlle unha vez o teña consultado.

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, sinala que preguntaron polo Centro Cultural Rosalía de Castro. Centro recién estrenado. Hai moitas averías inxustificadas para ser un centro recém estrenado: pechaduras rotas, baños inutilizables, montacargas que non funciona... A empresa solicita que o Concello asuma o custo do recibo da luz. (A Sra. Martínez lee un escrito da empresa). Solicitan un cambio de titularidade do recibo. ¿Cando vaise asumir o cambio?.

O Sr. Alcalde afirma que xurdiros varias averías, as que sexan responsabilidade da empresa deberá asumilas, e o resto, o Concello. Sobre a luz, a empresa púxose en contacto. Estamos a facer as xestións do cambio no contador. Seguro que se remata en poucos días. Sobre o ascensor, está pendente de que o cadro quede a nome do Concello.

A Sra. Ríos, Concelleira do BNG, sinala que o BNG presentou unha moción sobre a ordenanza de terrazas. Os concellos próximos aprobárono. Aquí estase a demorar. ¿van rematar construíndo casas nas aceras?. ¿Cando o traerán a aprobar?. Hai que evitar esta desfeita, non se pode pasear.

O Sr. Alcalde responde que esperar presentar a ordenanza no seguinte Pleno. Está practicamente rematada.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que na ordenanza actual fálase de un espazo de 1,50 metros para paso de peóns, solo con aplicar esa previsión habería un cambio importante.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, pregunta sobre o proxecto de abastecemento ás zonas altas de Moaña. No Pleno do 27 de outubro aprobouse unha moción do BNG onde se instaba a que por parte dos servizos técnico municipais se procedese á redacción dun “Proxecto de distribución domiciliar de auga na parroquia de Moaña (barrios de A Xalde, Os Piñeiros, Sabaceda, A Marrúa, Broullón, A Paradela e a Fraga)” que permitise ampliar o subministro de auga a todas as vivendas da zona. No debate, o Concelleiro Delegado de Servizos afirmaba que a moción chegaba tarde e que o proxecto xa estaba encargado. Pódese ver na acta do Pleno. Nove meses despois consultamos no Departamento de Urbanismo e a Concelleira di que había solo uns planos, que non puiden comprobar. Que o demais estaba no ordenador do Aparellador, que está de vacacións. O día 4 entrou no rexistro do Concello un escrito de Augas de Galicia requirindo a execución da 2ª fase ca posta en funcionamento. Senón se executa perderíanse os cartos da subvención. A obra adxudicouna o Goberno do

Bipartito. A Comisión Europea está auditando as obras financiadas con fondos europeos, comprobaron que non están en funcionamento. É a incapacidade do Alcalde para xestionar as obras, redactar o proxecto e executar a obra. Xa sería o colmo ter que devolver os oitocentos mil euros. Que o Alcalde non fale de transparencia, mellor que fale de oscurantismo. O papel o tería que ter a Concelleira de Medio Ambiente, dixo que llo pasou ao Concelleiro de Barrios e Parroquias. Logo entereime de que o tiña agochado o Alcalde. Alcalde, díganos se unha vez por todas vai poñerse a traballar no proxecto para poder levar a auga aos veciños e non perder a subvención.

O Sr. Alcalde afirma que cando o Sr. Piñeiro abre a boca dedícase a insultar. Amenaza e minte. Cando vostede preguntou polo documento díxenlle onde estaba. Vostede minte.

O Sr. Piñeiro responde que tardaron catro días en facilitarlllo.

O Sr. Alcalde afirma que o pobo de Moaña valora e pon e saca aos Concelleiros. Vostede minte. O que dixo o Concelleiro é certo. Encargouse o proxecto aos técnicos do Concello. non se encargou a unha empresa que o Concello non poida pagar. Podo dicirlle que os técnicos teñen un traballo feito. Cando o técnico volva de vacacións pasareille o traballo feito. Estamos buscando financiamento, arredor de un millón de euros de orzamento.

A Sra. Cruz, Concelleira do BNG, afirma que no mes de marzo o BNG amosou a súa preocupación polo Decreto da Xunta de Galicia sobre os servizos sociais. En xullo aínda non se sabe nada sobre a subvención dos servizos sociais e CIM. Vendo cómo está a recortar o Estado. As subvencións de Servizos Sociais son im 45% menos, o que afectará aos máis desfavorecidos. Pregunta, ¿qué ten pensado facer este Concello?. ¿Vai asumir os resultados da mala xestión do Presidente do Goberno e da Xunta de Galicia?. ¿Ten futuro o Departamento de Servizos Sociais?. Atende a moitas persoas necesitadas, as máis afectadas polos recortes do Goberno, os que menos teñen. A situación é difícil, non é unha broma. ¿Vai asumir o Concello todos os gastos que non cubren agora as outras Administracións?.

O Sr. Alcalde agradece a pregunta. Falamos de xente desfavorecida. Quero destacar a grande labor desempregada polo Departamento de Servizos Sociais. A situación económica do Concello é coñecida. Tratamos de contra con todas a subvencións. Agora mesmo non sei en qué punto está. Preguntarei en Servizos Sociais. Agardo unha subvención de semellante contía na medida do posible.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que no mes de xullo aparecía a noticia da creación por parte da Xunta dos aparcamentos disuasorios. Na mesma noticia aparecía como outro punto de estacionamento intermodal as proximidades da Estación Marítima para fomentar o uso do transporte da Ría. A nós veunos á cabeza a explanada da Mosqueira. No me de febreiro, o noso Alcalde, José Fervenza, anunciaba as xestións ante Portos para a retirada dos bloques de formigón da Mosqueira. Sr. Alcalde, ¿qué resultados tivo a súa xestión diante Portos de Galicia?. Dende febreiro desexamos escoitar unha resposta ilusionante de que por fin xestionou algo e a explanada da Mosqueira volve recuperar o uso público. Desexamos que nos dea unha alegría e que non pase coma cos trescentos aparcamentos do Real ou coma co servizo de microbús que ía instalar polas parroquias e barrios.

O Sr. Alcalde responde que respecto da explanada, falou con Portos de Galicia. Os bloques vanse levar á rampa de Meira para liberala. Portos de Galicia deu unha concesión da rampa.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, pregunta en qué condicións, ¿nas mesmas?.

O Sr. Alcalde afirma que a situación actual molesta a todos. Dixeron que a maior parte dos bloques iría par aí. Aínda non está a decisión tomada.

O Sr. Rodas di que son oito bloques.

O Sr. Alcalde sinala que a idea é que a maioría dos bloques vaian para aí.

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG, afirma que o Alcalde di na prensa que hai un socorrista para o Beque e que unha empresa arreglará a piscina. en Comisión Informativa dixeron que o muro está reparado. Estamos xa a finais de xullo, ¿hai piscina?.

O Sr. González, Concelleiro do PP di que está pintado.

A Sra. Riobó sinala que non sabe por que lle fai graza ao Concelleiro a súa pregunta. A día de hoxe a piscina non funciona. ¿Para cando?. ¿Teñen contratado o persoal para o camping?. ¿Con cantas persoas contarán?. ¿Cando van reparar a piscina a abrila ao público?.

O Sr. Alcalde afirma que a reparación está adxudicada a unha empresa de Moaña, Relé Calefacciones. Entre hoxe e mañá estará rematada. Tratarase de abrila de inmediato. Non sou responsable do retraso debido a que chovese en xuño. Os membros da Corporación poderedes bañarse. Alí hai tres persoas do Concello, no momento de que a piscina funcione meterase a un máis.

A Sra. Riobó di que fan falta cinco.

O Sr. González afirma que a maioría das preguntas xa se contestaron en comisión informativa. Propoño ao Pleno, nestes momentos difíciles que estamos a pasar, a suspensión das comisións informativas, e que se debatise en Pleno.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, sinala que dende que se aprobou o Plan de axuste a Interventora informou que o Concello non ten crédito para pagar os xuros do crédito. Falaba ou de modificar o crédito ou aprobar uns novos orzamentos. En agosto hai que afrontar o primeiro pago e non haberá pleno. ¿Qué vai facer?.

O Sr. Alcalde responde que vai revisar o informe. Non teño constancia. Contestareillo por escrito.

O Sr. Pastoriza sinala que trasladará a quen corresponda a queixa, a dúcia de veces que preguntei en comisión informativa sobre o proxecto do muelle da Mosqueira ou sobre as aulas de Domaio. Enterámonos do da Mosqueira agora. Solicitamos a información. Quero trasladar a nosa queixa por falta de información. Sobre a rampa de Samertolameu a lexislación esixe que o que se faga cumpra cunhas condicións. O Concello terá moito que dicir. Por outra parte, como en agosto non haberá pleno, non haberá ata finais de setembro, gustaríanos que nos informase cómo van afectar a batería de medidas aprobadas polo Goberno do Estado. ¿Ten idea de cómo van afectar aos servizos que se prestan aos veciños?. Funcionarios, servizos públicos... nos concellos de menos de vinte mil habitantes. Vai a afectar aos salarios dos funcionarios, que terán que traballar máis horas. Para rematar, en comisión informativa preguntei polos pasos que debe dar o Concello, unha vez que o Goberno abre o melón de protección na costa. A realidade é que non sabemos nada. A amnistía aos propietarios é distinto. ¿Qué pasa cos colexios, pavillón, viais, centro de saúde...?

O Sr. Alcalde afirma que respecto da rampa de Meira, trasladareillo a Portos de Galicia. Con respecto ao anteproxecto da lei de costas, pediuse aos técnicos a redacción de unha serie de propostas para trasladar a Madrid. Poderemolo falar en comisión informativa.

O Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vintedúas horas e trinta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO